

### **Autorización relativa ao alumnado menor de idade: Uso de imaxes e de material que elaboran**

O centro dispón de espazos de comunicación (incluídos os espazos web, os blogs e outras canles de difusión con finalidade educativa) nos que se informa sobre as actividades escolares lectivas, complementarias e extraescolares.

Nestes espazos poden publicarse imaxes/voz nas que apareza, individualmente ou en grupo, alumnado realizando as actividades comentadas.

O dereito á propia imaxe é recoñecido no artigo 18.1 da Constitución española e está regulado pola Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, polo que a dirección deste centro pide o consentimento ás nais, pais ou titores legais para publicar fotografías, audios e vídeos nos que os seus fillos e/ou fillas sexan claramente identificables, ou ben para dar difusión ás súas producións e traballos.

#### **Datos do alumno/a e da nai, pai ou titor/a**

NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A	
NOME E APELIDOS DA NAI / PAI / TITOR-A	DNI .....

#### **AUTORIZO**

1. Que a imaxe da miña filla/o poida saír en fotografías, videos e/ou audios correspondentes a actividades escolares lectivas, complementarias e extraescolares organizadas polo centro e publicadas en webs, blogs e outras canles de difusión con finalidade educativa.

 SI NON

2. Que o material que elabore o meu fillo/a poida ser publicado nos espazos de comunicación (webs, blogs, revistas e outras canles de difusión con finalidade educativa) do mesmo centro ou externos, sempre co obxecto de desenvolver a acción educativa.

 SI NON

***Período de validez:*** Cando deixe de estar escolarizado no centro ou cando exprese por escrito a NON autorización.

#### **Información básica sobre protección de datos**

**Responsable do tratamento:** Dirección do centro educativo

**Finalidade:** Autorización difusión de imaxe/voz e material elaborado nos espazos de comunicación e difusión do centro

**Lexitimación:** Consentimento da persoa que ostenta a tutoría legal en caso dos menores de idade

**Destinatarios:** Os datos non se comunicarán a terceiros, excepto nos casos previstos pola lei; ou se hai consentimento previo.

**Dereitos:** Acceder aos datos, rectificalos, suprimilos, opoñerse ao tratamento e solicitar limitación

Lugar e data

Sinatura

**DIRECCIÓN DO C.E.I.P. Alfonso D. Rodríguez Castelao - VIGO**